

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de maio de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Elección da directora ou do director xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A.

A Mesa, logo de tomar coñecemento do escrito presentado polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia (doc. núm. 24866) polo que solicita o inicio do procedemento para a elección de directora ou director da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S. A., e tendo en conta o disposto no artigo 34 e disposición derradeira terceira da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

Adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Admitir a trámite a solicitude presentada e iniciar o procedemento de elección da directora ou do director xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A.

2.º) Solicitar de cada grupo parlamentario que propoña a persoa candidata. Na proposta deberá constar a aceptación expresa da candidata ou candidato e a súa declaración de reunir as condicións preceptuadas no artigo 34.3 da citada lei. Achegaranse, así mesmo, os correspondentes *curriculum vitae*.

A presentación das persoas candidatas farase por escrito dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo ou pola portavoz do grupo parlamentario.

3.º) O prazo para a presentación de candidaturas remata ás 10:00 horas do día 13 de maio de 2025.

4.º) Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela 6 de maio de 2025

María Elena Candia López
Vicepresidenta 1.^a

María Elena Candia
López, Vicepresidenta 1.^a

Firmado digitalmente por María Elena Candia López,
Vicepresidenta 1.^a
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Elena Candia
López, Vicepresidenta 1.^a,
email=elena.candia.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.05.06 18:54:25 +02'00'

Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do Grupo Mixto



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª na data 06/05/2025 18:54:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 06/05/2025 18:55:52
Nº Rexistro: 6826
Data envío: 06/05/2025 18:55:52.464

CSV: REXPG-ulq1zVkiU-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/05/2025 18:55:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 06/05/2025 18:55:52
Nº Rexistro: 6826
Data envío: 06/05/2025 18:55:52.464

CSV: REXPG-ulq1zVkiU-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

